



# BOP

SÁBADO, 26 DE ABRIL DE 2025

N.º 095

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 – 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 – Fax: 982 260 205

### CONCELLOS

#### BARREIROS

##### *Anuncio*

Faise público para xeral coñecemento que de conformidade co establecido na Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, convócase para os cargos de Xuíz de Paz titular e substituto do Concello de Barreiros.

**Requisitos:** ser español, maior de idade e no estar incurso en ningúnhā das causas de incapacidade establecidas no artigo 303 da L.O.P.X

**Presentación:** Os interesados presentarán as súas solicitude no Rexistro Xeral do Concello no prazo de quince días hábiles a partir do seguinte da publicación deste Edicto no BOP

##### **Documentos que se achegarán:**

- Certificación de nacemento ou fotocopia auténtica do DNI
- Certificación do Rexistro Central de Penados e Rebeldes e declaración complementaria de non estar inculpado ou procesado, conforme á Lei 68/1980
- Certificado médico de non padecer doença que incapacite para o exercicio do cargo de xuíz de paz
- Xustificación dos méritos que se alegue, no seu caso.

Barreiros, 22 de abril de 2025.- A ALCALDESA, Dª Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 1099

---

### BEGONTE

##### *Anuncio*

Aprobados por Decreto de Alcaldía os padróns cuadri mestrais e do mes de abril de 2025, correspondentes ás actividades socioculturais e deportivas do curso 2024/2025, por un importe total de 5.603,26

Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao de inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzcan reclamacións contra os mesmos.

Dado que os recibos están domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Begonte, 16 de abril de 2025.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 1087

### Anuncio

#### Información pública

Aprobándose por resolución da alcaldía de data vinteún de abril de dous mil vinte e cincocatro os padróns que a continuación se relacionan, e expóñense o público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ó da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

- Taxa por abastecemento de auga e iva sobre o seu consumo, correspondente ó terceiro trimestre do ano dous mil vinte e catro.
- Taxa por recollida de lixo correspondente ó terceiro trimestre do ano dous mil vinte e catro.
- Taxa pola rede de sumidoiro correspondente ó terceiro trimestre do ano dous mil vinte e catro.
- Taxa canón de auga da Xunta de Galicia correspondente ó terceiro trimestre do ano dous mil vinte e catro.
- Taxa de autoconsumos de auga correspondente ó terceiro trimestre do ano dous mil vinte e catro.

Recurso: Contra o acordo da aprobación do padrón poderá interpoñerse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día inmediato seguinte ó do término do período de exposición ó público do padrón.

Órgano ante o que se recorre: Sr. Alcalde-presidente do Concello de Begonte.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seránllas cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, contados a partir do período de exposición pública. Finalizado exercicio pasárase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria, a través de Servicio Provincial de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

A falta de pagamento do canón da auga da Xunta de Galicia no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canón da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ó público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Begonte, 21 de abril de 2025.- O ALCALDE, José Ulla Rocha.

R. 1088

### FRIOL

### Anuncio

Por resolución da Alcaldía de data 12 de abril de 2025, aprobouse a convocatoria e as bases para a selección dun oficial de primeira de obras e servizos múltiples como persoal laboral fixo, así como a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e o correspondente extracto no Diario Oficial de Galicia.

Con todo, tras a publicación no Boletín Oficial da Provincia, detectouse un erro de transcripción no Anexo II: Modelo de solicitude, no cadro de méritos, onde figura "Servizos prestados no Concello de Friol como oficial de primeira de obras e servizos múltiples". Debe dicir: "Servizos prestados no Concello de Friol como operario de mantermento".

De conformidade co artigo 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que as administracións poderán proceder en calquera momento, de oficio ou a instancia de parte, á rectificación de errores materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos, procédese á corrección do citado erro.

En consecuencia, mediante o presente anuncio rectifícase o erro material padecido na transcripción da resolución de referencia, no que respecta ao Anexo II: Modelo de solicitude, cadro de méritos.

Friol, 22 de abril de 2025.- O Alcalde, Sr. D. José Ángel Santos Sánchez.

R. 1089

## NAVIA DE SUARNA

### *Anuncio*

Concluido o procedemento de selección de 1 posto de condutor de maquinaria, como persoal laboral fixo, incluído na OEP 2023 do concello de Navia de Suarna, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 223, de 25 de setembro de 2024, á vista da acta do tribunal cualificador, e en cumprimento do establecido nas bases xerais da convocatoria, esta Alcaldía RESOLVE:

**Primeiro.**- Publicar a relación definitiva das puntuacións finais obtidas polos aspirantes que superaron a fase de oposición, pola orde da puntuación obtida, e que sería a seguinte:

Nº Orde	NOME E APELIDOS	DNI	Total Opos.	Total Conc.	Punt. Total
1	OMAR DÍAZ FERNÁNDEZ	***8395**	49,00	19,20	<b>68,20</b>
2	JUAN MANUEL DÍAZ FERNÁNDEZ	***4548**	37,00	0,90	<b>37,90</b>

**Segundo.**- Nomear para adquirir condición de persoal laboral fixo deste Concello como condutor de maquinaria a D. Omar Díaz Fernández, con DNI: \*\*\*8395\*\*.

**Terceiro.**- Constituir a seguinte bolsa de emprego ó obxecto de cubrir mediante contrato de duración determinada, no caso de que se precisase, nos supostos regulados no Real Decreto- lei 32/2021, de 28 de decembro:

Nº Orde	NOME E APELIDOS	DNI
1	JUAN MANUEL DÍAZ FERNÁNDEZ	***4548**

**Cuarto.**- Ordenar a publicación da presente Resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica (<https://concellonaviadesuarna.sedelectronica.gal>).

Navia de Suarna, 22 de abril de 2025.- O Alcalde, José Fernández Fernández. A Secretaria-Interventora, Susana Mourín Sobrado.

R. 1090

## A PONTENOVA

### *Anuncio*

#### **LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) E DA ESCOLA DE MÚSICA DE MARZO 2025.**

Por Resolución de alcaldía do 21 de abril de 2025, resólvese prestar aprobación das devanditas listaxes que estarán expostas nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar: **dende o 12 de maio de 2025 ao 14 de xullo de 2025**, ámbolos dous inclusive.

B) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo da Escola de Música: **dende o 12 de maio de 2025 ao 14 de xullo de 2025**, ámbolos dous inclusive.

C) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, na Pontenova na data da sinatura dixital.

A Pontenova, 21 de abril de 2025.- O Alcalde, Darío Campos Conde.

R. 1091

## PORTOMARÍN

### *Anuncio*

O Concello de Portomarín publica en cumprimento do que dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local- o texto integral da “ORDENANZA FISCAL REGULADORA DE LA TASA POR EL APROVECHAMIENTO ESPECIAL DEL DOMINIO PÚBLICO LOCAL POR INSTALACIONES DE TRANSPORTE DE ENERGÍA ELÉCTRICA, GAS, AGUA E HIDROCARBUROS”. A aprobación inicial foi por acordo do Pleno da Corporación do 30 de xuño de 2022 e expúxose ao público mediante anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia número 167 do 22 de xullo de 2022, sen que houbera ningunha reclamación, alegación ou suxestión, razón polo que se entende aprobado definitivamente.

#### **Preámbulo**

A tenor de las facultades normativas otorgadas por los artículos 133.2 y 142 de la Constitución Española y artículo 106 de la Ley 7/1985 reguladora de las Bases de Régimen Local sobre potestad normativa en materia de tributos locales y de conformidad, asimismo, con lo establecido en los artículos 57, 15 y siguientes, del Texto Refundido de la Ley de Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, y artículos 20 y siguientes del mismo texto normativo, en especial el artículo 24.1 del propio cuerpo normativo, se regula mediante la presente Ordenanza Fiscal la **Tasa por el aprovechamiento especial del dominio público local de las instalaciones de transporte de energía eléctrica, gas, agua, e hidrocarburos** conforme al régimen y a las tarifas que se incluyen en la presente ordenanza resultantes de un Informe técnico económico preceptivo cuyo método de cálculo y parámetros previstos en el mismo han sido declarados conforme a derecho por el Tribunal Supremo citándose, al efecto, las sentencias 2708/2016 [Recurso de Casación 1117/2016]; n.º2726/2016 [Recurso de Casación 436/2016]; n.º 49/2017 [Recurso de Casación 1473/2016], n.º489/2017 [Recurso de Casación 1238/2016], n.º 292/2019 [Recurso de Casación núm. 1086/2017], n.º 308/19 [Recurso de Casación 1193/2017], n.º 1649/2020 [Recurso de Casación 3508/2019], n.º 1659/2020 [Recurso de Casación 3099/2019], n.º 1783/2020 [Recurso de Casación 3939/2019] y n.º 275/2021 [Recurso de Casación 1986/2019], entre otras, que validan este modelo de Ordenanza y fijan el contenido y exigencias de la misma.

**ARTICULO 1º.- ÁMBITO DE APLICACIÓN:** Vienen obligados al pago de la tasa que regula la presente ordenanza todas las personas físicas o jurídicas, sociedades civiles, comunidades de Bienes y demás entidades a que se refiere el artículo 35 de la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, General Tributaria, que se beneficien de cualquier modo del aprovechamiento especial del dominio público local con las especificaciones y concreciones del mismo que se dirán, o que vengan disfrutando de dichos beneficios.

La aplicación de la presente ordenanza se refiere al régimen general, que se corresponde con la tasa a satisfacer establecida en el artículo 24.1.a), del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, por el aprovechamiento especial del dominio público local, en las que no concurren las circunstancias de ser empresas suministradoras de servicios de interés general que afecten a la generalidad o a una parte importante del vecindario y que ocupen el suelo, subsuelo o vuelo de las vías públicas municipales, circunstancias previstas para el artículo 24.1.c).

**ARTICULO 2º.- HECHO IMPONIBLE:** Constituye el hecho Imponible de la tasa, conforme al artículo 20 del Texto Refundido de la Ley de Haciendas Locales de 5 de marzo de 2004, el aprovechamiento especial del dominio público local en su suelo, subsuelo y vuelo, con:

a) **Instalaciones de transporte de energía con todos sus elementos indispensables que, a los meros efectos enunciativos, se definen como cajas de amarre, torres metálicas, transformadores, instalaciones o líneas propias de transporte o distribución de energía eléctrica, gas, agua u otros suministros energéticos, instalaciones de bombeo y demás elementos análogos que tengan que ver con la energía y que constituyan aprovechamientos del dominio público local no recogidos en este apartado.**

b) **Instalaciones de transporte de gas, agua, hidrocarburos y similares.**

El aprovechamiento especial del dominio público local se producirá siempre que se deban utilizar **instalaciones de las referidas** que materialmente ocupan el dominio público en general.

A los efectos de la presente ordenanza se entiende por dominio público local todos los bienes de uso, dominio **público** o servicio público **que se hallen en el término municipal así como los bienes comunales o pertenecientes al común de vecinos**, exceptuándose por ello los denominados bienes patrimoniales.

#### **ARTÍCULO 3º.- SUJETOS PASIVOS.**

Son sujetos pasivos de las tasas, en concepto de contribuyentes, las personas físicas y jurídicas así como las entidades a que se refiere el artículo 35.4 de la Ley General Tributaria, Ley 58/2003, que disfruten o aprovechen el dominio público local.

Principalmente, serán sujetos pasivos de esta tasa con las categorías y clases que se dirán, las personas físicas y jurídicas así como las entidades a que se refiere el artículo 35.4 de la Ley General Tributaria, Ley 58/2003, que tengan la condición de empresas o explotadores de los sectores de agua, gas, electricidad, e hidrocarburos, siempre que disfruten o aprovechen especialmente el dominio público local en beneficio particular, conforme a alguno de los supuestos previstos en los artículos 20 y siguientes de la Ley de Haciendas Locales tales como las empresas que producen, transportan, distribuyen, suministran y comercializan energía eléctrica, hidrocarburos (gaseoductos, oleoductos y similares) y agua, así como sus elementos anexos y necesarios para prestar el servicio en este Ayuntamiento o en cualquier otro lugar pero que aprovechan, afectando con sus instalaciones, el dominio público local.

**ARTICULO 4º.- BASES, TIPOS Y CUOTAS TRIBUTARIAS.** La regulación de las tasas de la presente ordenanza será la siguiente:

Constituye la cuota tributaria la contenida en las tarifas que figuran en el anexo, conforme a lo previsto en el artículo 24.1.a) del TRLHL, por el aprovechamiento especial del dominio público local.

El importe de las tasas previstas por dicho aprovechamiento especial del dominio público local se fija tomando como referencia el valor que tendría en el mercado la utilidad derivada de dicha utilización o aprovechamiento, como si los bienes afectados no fuesen de dominio público, adoptados a la vista de un informe técnico-económico en el que se pone de manifiesto el valor de mercado. Dicho informe se incorpora al expediente para la adopción del correspondiente acuerdo, conforme se establece en el artículo 25 del RDL 2/2004 en vigor.

A tal fin y en consonancia con el apartado 1. a) del artículo 24 de la Ley reguladora de las Haciendas Locales, atendiendo a la naturaleza específica del aprovechamiento especial, resultará una cuota tributaria correspondiente para elementos tales como torres, soportes, postes, tuberías, líneas, conductores, repetidores, etc., que se asientan y atraviesan bienes de uso, dominio o servicio público y bienes comunales y que en consecuencia, no teniendo los sujetos pasivos la propiedad sobre los terrenos afectados, merman sin embargo su aprovechamiento común o público y obtienen sobre los mismos un aprovechamiento especial para su propia actividad empresarial.

La Cuota Tributaria resultará de calcular, en primer lugar, la Base Imponible que viene dada por el valor total de la ocupación, suelo e instalaciones, dependiendo del tipo de instalación, destino y clase que refleja el estudio, a la que se aplicará el tipo impositivo que recoge el propio estudio en atención a las prescripciones de las normas sobre cesión de bienes de uso y dominio público, de modo que la cuota no resulta de un valor directo de instalaciones y ocupaciones, que es lo que constituye la Base Imponible, sino del resultado de aplicar a ésta el tipo impositivo.

A tal fin, y conforme a la exigencia del Tribunal Supremo en las Sentencias , por todas , la de 3 diciembre de 2020 que motivan esta ordenanza, se establecen en atención a la justificación del Estudio, dos tipos impositivos diferentes en atención a la intensidad del uso del dominio público local:

- El 5% en los aprovechamientos especiales de las instalaciones tales como cajas de amarre, líneas subterráneas, torres metálicas, apoyos, transformadores, depósitos u otros elementos similares.
- El 2,5% en el aprovechamiento de los restantes elementos tales como líneas aéreas o cables de transporte de energía.

En consecuencia, la cuota tributaria de la tasa está contenida en el Anexo de Tarifas correspondiente al Informe Técnico-Económico que forma parte de esta ordenanza en el que con la metodología empleada ha obtenido y recogido la cuota tributaria en cada caso.

#### **ARTÍCULO 5º.- PERIODO IMPOSITIVO Y DEVENGO.**

1. El periodo impositivo coincide con el año natural salvo los supuestos de inicio o cese en el aprovechamiento especial del dominio público local, casos en que procederá aplicar el prorrata trimesral, conforme a las siguientes reglas:

- En los supuestos de altas por inicio de uso o aprovechamiento especial, se liquidará la cuota correspondiente a los trimestres que restan para finalizar el ejercicio, incluido el trimestre en que tiene lugar el alta.

b) En caso de bajas por cese en la utilización o aprovechamiento especial, se liquidará la cuota que corresponda a los trimestres transcurridos desde el inicio del ejercicio, incluyendo aquel en que se origina el cese.

2. La obligación de pago de la tasa regulada en esta Ordenanza nace en los momentos siguientes:

a) Cuando se trata de concesiones o autorizaciones de nuevos aprovechamientos o utilizaciones del dominio público local, en el momento de solicitar la licencia correspondiente.

b) Cuando el disfrute del aprovechamiento especial o la utilización del dominio público local a que se refiere el artículo 1 de esta ordenanza no requiera licencia o autorización, desde el momento en que se ha iniciado el citado aprovechamiento o utilización del dominio público local.

3. Cuando los aprovechamientos especiales o utilizaciones del dominio público local se prolonguen durante varios ejercicios, el devengo de la tasa tendrá lugar el 1 de enero de cada año y el período impositivo comprenderá el año natural.

#### **ARTICULO 6º. NORMAS DE GESTIÓN.**

1.- La tasa se exigirá en régimen de autoliquidación. Alternativamente al régimen de autoliquidación, si así lo desea el sujeto pasivo, podrá presentar declaración en cuanto a los elementos y demás para hallar las cuotas tributarias. En el supuesto de que el sujeto pasivo no presente autoliquidación en el plazo que establece este artículo o, en su caso, no presente declaración, por parte de la Administración se exigirá el pago de la tasa mediante notificación de las cuotas al sujeto pasivo. Las autoliquidaciones presentadas por las empresas obligadas podrán ser objeto de verificación y comprobación por la Administración Municipal, que practicará, en su caso, las liquidaciones complementarias que procedan

2.- Las cantidades exigibles con arreglo a las tarifas se liquidarán por cada aprovechamiento solicitado o realizado de la siguiente forma:

a) En los supuestos de concesiones de nuevos aprovechamientos, junto con la solicitud de autorización para disfrutar del aprovechamiento especial, se presentará debidamente cumplimentado el impreso de autoliquidación de la tasa o en otro caso se aplicará el párrafo siguiente.

Alternativamente, si así lo prefiere el sujeto pasivo, pueden presentarse en Secretaría los elementos de la declaración al objeto de que el funcionario municipal competente preste la asistencia necesaria para determinar la deuda. En este supuesto, se expedirá un abonaré al interesado, al objeto de que pueda satisfacer la cuota en aquel momento, o en el plazo que proceda, en los lugares de pago indicados en el propio abonaré.

b) En supuestos de aprovechamientos o utilizaciones ya existentes o autorizados, el pago de la tasa se efectuará en el primer trimestre de cada año. Con el fin de facilitar el pago, o en el supuesto de que el sujeto pasivo no aporte datos, una vez transcurrido dicho plazo, el Ayuntamiento llevará a cabo la pertinente liquidación y podrá remitir al domicilio del sujeto pasivo un documento liquidatorio apto para permitir el pago en entidad bancaria colaboradora o en caja municipal.

No obstante, la no recepción del documento de pago citado no invalida la obligación de satisfacer la tasa en el período determinado por el Ayuntamiento reservándose éste el derecho a aplicar los mecanismos de la LGT.

3.- El sujeto pasivo podrá solicitar la domiciliación del pago de la tasa, en cuyo caso se ordenará el cargo en cuenta bancaria durante la última quincena del período de pago voluntario.

En todo lo no previsto en la presente ordenanza relativo a las normas de gestión y recaudación, o que contradiga la Ley General Tributaria, se estará a lo establecido en esa Ley por su carácter general.

#### **ARTÍCULO 7º.- NOTIFICACIONES DE LAS TASAS.**

1.- La notificación de la deuda tributaria en supuestos de aprovechamientos o utilizaciones a que se refiere esta ordenanza se realizará al interesado, en el momento en que se presenta la autoliquidación o en que se lleva a cabo la notificación de la liquidación de la misma, si aquella no se presentara.

No obstante lo previsto en el apartado anterior, si una vez verificada la autoliquidación resultara incorrecta, se practicará liquidación complementaria.

2.- En los *supuestos* de tasas por aprovechamientos especiales de forma continuada, objeto de esta ordenanza, que tiene carácter periódico, la presentación de autoliquidación o, en caso de prescindir el sujeto pasivo de su presentación, de liquidación, se tendrá por notificado, entendiéndose desde ese momento el alta en el registro de contribuyentes. Caso de optar esta Administración por el mecanismo potestativo de la notificación colectiva, dicha alta le será notificada al sujeto pasivo según el procedimiento legalmente establecido en la Ley General Tributaria. La tasa de ejercicios sucesivos podrá notificarse personalmente al sujeto pasivo, o colectivamente mediante la exposición pública del padrón en el tablón de anuncios del Ayuntamiento, por el período correspondiente que se anunciará en este último caso el Boletín Oficial de la Provincia.

3.- Las personas físicas o jurídicas y demás entidades interesadas en la concesión o autorización de aprovechamientos regulados en esta ordenanza o titulares de concesiones administrativas u otras autorizaciones legales, que no cuenten con la preceptiva, en su caso, licencia municipal, deberán solicitar la misma y cumplir los trámites legales que resulten de aplicación, sin que la falta de la misma les exima del pago de la tasa.

4.- Una vez autorizada la ocupación sobre los bienes a que se refiere esta ordenanza, o establecida la misma, si no se determinó con exactitud la duración de la autorización que conlleve el aprovechamiento, se entenderá prorrogada a efectos de esta ordenanza, hasta que se presente la declaración de baja por los sujetos pasivos y se proceda al cese del aprovechamiento.

5.- La presentación de la baja, con el consiguiente cese en el aprovechamiento, presentado en el Ayuntamiento, surtirá efectos a partir del día primero del periodo natural de tiempo siguiente señalado en los epígrafes de las tarifas. La no presentación de la baja determinará la obligación de continuar abonando la tasa.

En todo lo no previsto en la presente ordenanza relativo a las normas de notificación, o que contradiga la Ley General Tributaria, se estará a lo establecido en esa Ley por su carácter general.

#### **ARTÍCULO 8º.- INFRACCIONES Y SANCIONES**

En todo lo relativo al régimen de infracciones y sanciones, se aplicará lo dispuesto en la vigente Ley General Tributaria.

#### **DISPOSICIÓN FINAL.**

La presente Ordenanza en su actual contenido, entrará en vigor el día de su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia, y comenzará a aplicarse a partir del día 1º de enero de 2022, permaneciendo en vigor para ejercicios sucesivos hasta su modificación o derogación expresa.

Portomarín, 22 de abril de 2025.- El Alcalde, Pablo Rivas Folgueira.

R. 1100

## SARRIA

### *Anuncio*

**EXPEDIENTE:** 480/2025.

**PROCEDEMENTO:** Modificación da Ordenanza municipal reguladora de terrazas e outras ocupacións de dominio público municipal.

#### **APROBACIÓN DEFINITIVA.**

O Pleno do Concello de Sarria, en sesión realizada o día 27/02/2025, acordou aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Reguladora de referencia.

O expediente someteuse a información pública mediante anuncios publicados no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 53, de data 06/03/2025, no taboleiro de anuncios e no Portal de Transparencia da Sede Electrónica Municipal.

Como queira que non se presentaron reclamacións durante o devandito trámite, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional, cuxo texto íntegro se fai público a continuación para xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de DOUS MESES a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no BOP, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Sarria, 24 de abril de 2025.- O alcalde, Claudio M. Garrido Martínez.

**EXPEDIENTE: 480/2025**

## **ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS EN DOMINIO PÚBLICO E ESPAZOS DE USO PÚBLICO**

### **PREÁMBULO**

A singularidade de Sarria fai da actividade hostaleira no Concello unha auténtica industria de significativa relevancia, sendo abundantes os negocios de hostalería existentes no Concello, que complementan aúa

actividade con terrazas ao aire libre anexas ós establecementos, de xeito que se aproveita o bo tempo e a beleza do entorno.

Este aproveitamento do espazo ao aire libre, que supón un importante motor económico e de fomento do emprego e que, ao mesmo tempo, redonda en beneficio dos habitantes e os visitantes da vila, debe realizarse dunha forma ordenada para preservar os dereitos dos cidadáns relativos ao uso dos espazos públicos, á seguridade viaria, ao descanso da veciñanza, á accesibilidade, e á protección do medio ambiente, da paisaxe urbana e das características propias da vila, de xeito que, de existir conflito entre o uso público e a utilización privada, debe prevalecer a utilización pública e o interese xeral.

Atendendo ós principios de boa regulación, a redacción desta ordenanza responde ó principio de necesidade e de eficacia, facéndose precisa a redacción dun marco normativo amplio que permita regular as posibilidades e distintas modalidades para este tipo de ocupación, respondendo tamén ós criterios funcionais e estéticos ós que debe axustarse. Neste censo, tamén resulta necesario garantir o descanso veciñal, co establecemento das axeitadas medidas correctoras, o tránsito peonil en condicións de seguridade e accesibilidade e, asemade, a protección e o fomento do medio ambiente e da singularidade do entorno e do patrimonio de Sarria.

A presente ordenanza vén regular a instalación de terrazas de hostalaría no concello de Sarria, dentro da esfera da competencia municipal e ao abeiro do establecido na Lei 7/1985, de bases do réxime local, Lei 33/2003, de patrimonio das administracións públicas, Real Decreto 1372/1986, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais, Lei 2/2016, do solo de Galicia, Decreto 143/2016, polo que se aproba o regulamento da lei do solo de Galicia, Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, Decreto 144/2016, polo que se aproba o regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, Lei 10/2017, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, Real Decreto 505/2007, polo que se aproban as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados, Lei 10/2014, de accesibilidade da comunidade autónoma de Galicia, Decreto 35/2000, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento e execución da lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, Lei 10/2003, sobre o acceso á contorna das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia, e, asemade, a lexislación ambiental, en especial a que protexe contra a contaminación acústica.

A actuación desta ordenanza será estudada ante a petición dos veciños e unha vez escoitadas as súas argumentacións, coas propias representacións do sector e cos correspondentes informes que se estimen oportunos, concretaranse diversas medidas como pode ser a redución do número de mesas autorizadas, redución do horario autorizado nesa terraza e podéndose chegar á suspensión da terraza e levantamento da mesma.

Polos servizos municipais inspeccionaranse todas as terrazas instaladas para facer cumplir todos os artigos desta Ordenanza, facendo especial fincapé en aqueles que afecten fundamentalmente os cidadáns, como pode ser o correspondente paso para a circulación de peóns e especialmente persoas con discapacidade física, o ruído que chega as vivendas do entorno, a limpeza dos lugares ocupados, horarios de peche... etc.

Esta Ordenanza complementarase cunha nova ordenanza fiscal que regule as taxas pertinentes pola concesión dos permisos de terraza e pola utilización do espazo público ou polo uso público dos espazos privados

## TÍTULO I

### DISPOSICIÓN XERAIS

#### Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.

1.- A presente ordenanza ten por obxecto regular o réxime técnico, estético e xurídico a que debe someterse o aproveitamento de terreos de dominio público e espazos privados de uso público mediante a súa ocupación temporal con terrazas anexas a establecementos hostaleiros e que constitúan complemento da actividade que se ven exercendo no interior dos locais ós que darán servizo.

Aqueles terreos de dominio público sobre os que se pretendan situar as instalacións reguladas nesta ordenanza e sobre os que recaía competencia doutras administracións públicas, suxeitaranse ás determinacións da presente ordenanza, sen prexuízo das propias condicións que impoñan as ditas administracións no ámbito das súas respectivas competencias.

2.- Esta ordenanza non será de aplicación ós actos de ocupación que, sendo de carácter hostaleiro, se realicen con ocasión da realización de festas, actividades deportivas, culturais, gastronómicas e análogas, que se suxeitarán ás súas normas específicas.

3.- A ocupación do dominio público e dos espazos exteriores de uso público por instalacións permanentes, áinda cando se realicen con instalacións móbiles ou desmontables, rexerase pola súa propia normativa específica e requirirá o título administrativo esixible en cada caso.

## **Artigo 2. Definición e tipos de instalacións.**

1.- Para os efectos desta norma, defíñese:

- a) Establecemento de hostalaría: establecemento, público ou privado, definido e regulado na normativa sectorial de turismo da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Terraza: instalación formada por mesas, cadeiras, parases, toldos, antucas e demais elementos auxiliares móveis e desmontables, situada no espazo exterior de uso público (dominio público ou espazo privado de acceso libre e uso público) lindero ou próximo a un establecemento de hostalaría, como zona vinculada á actividade que se exerce no dito establecemento, e sen barra de servizo distinta á situada no interior deste.
- c) Toldo, parasol e antuca: elemento de cubrición e protección da incidencia solar de espazos abertos, construído en tela natural ou sintética, con pés ou bases metálicas ou de madeira, enrollables ou plegables, móveis e fácilmente desmontables. Tamén se entenderá por Toldo, ós efectos establecidos nesta ordenanza, a cuberta de similares características enrollable e ancorado á fachada de edificación lindante.

2.- A ocupación dos espazos de uso público, poderá darse en:

- Beirarrúas en rúas con circulación rodada: As situadas xunto a viarios rodados e separadas destes por un bordo, independentemente da súa anchura. Limitan con fachada de edificio.
- Rúas peonís: As permanentemente pechadas á circulación de vehículos, salvo para labores de mantemento ou emergencias.
- Rúas de circulación restrinxida: As que se atopen, total ou parcialmente pechadas á circulación de vehículos, desde o punto de vista do horario (temporal ou restrinxido), pero na que coexisten vehículos e peóns.
- Prazas: Os espazos con carácter peonil ou nos que coexiste unha zona peonil con tráfico rodado, con configuración aberta e na que conflúen varias rúas. Trátase habitualmente de zonas pavimentadas e/ou con zonas axardinadas
- Espazos de valor singular: Os espazos que disponen dun valor ambiental singular desde o punto de vista estético, paisaxístico, arquitectónico ou de Patrimonio.
- Calzada e outros espazos singulares, nos casos, circunstancias, e cos requisitos previstos neste artigo

3.- Os aproveitamentos temporais obxecto da presente ordenanza suxeitaranse a algúns dos seguintes tipos:

- a) Terraza sen contorna fisicamente delimitada: entendida por tal a composta por elementos móveis e desmontables, e sen elementos de delimitación perimetral (incluíndo as que contén con toldo enrolable á fachada).

No caso destas terrazas, é obriga do seu titular a retirada de todos os seus elementos unha vez rematado o horario de funcionamento autorizado, así coma deixar os toldos enrolados.

- b) Terraza con contorna fisicamente delimitada: entendendo por tal a terraza instalada na calzada da vía pública ou outras zonas singulares. Instalaránse sobre tarima, delimitada no seu perímetro salvo no lateral que de frente ao establecemento hostaleiro, en zonas contiguas ao establecemento e cumplindo os requisitos de seguridade esixibles e que non afecten á circulación rodada ou ao tránsito de peóns. Nestes casos singulares, poderá autorizarse, ademais, a instalación de elementos auxiliares na beirarrúa e acaroados á fachada do establecemento, sempre que sexan de escasa entidade, como aparadores de servizo, e sempre que a súa instalación respete o paso libre de 1,50 m para a circulación de peóns.

No caso destas terrazas, no é obrigatoria a súa retirada unha vez rematado o horario de funcionamento autorizado, pero si é obrigatoria cando cese ou caduque a súa autorización.

## **Artigo 3. Normativa aplicable.**

As instalacións reguladas no artigo anterior quedarán suxeitas, ademais, á normativa sobre espectáculos públicos e actividades recreativas, así como á de protección do patrimonio, accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, de protección do medio, así como calquera outra normativa sectorial que resulte de aplicación, polo que as súas determinacións serán plenamente esixibles aínda cando non se faga expressa referencia a elas nesta Ordenanza.

## **Artigo 4. Compatibilidade entre o uso público e a utilización dos espazos públicos ocupados por terrazas.**

A instalación de terrazas nos espazos de uso público é un uso común especial, e a súa autorización deberá atender a criterios de compatibilidade do uso público coa utilización privada, debendo prevalecer nos casos de conflito o uso público do devandito espazo e o interese xeral. Para ese efecto, teranse en conta os seguintes valores e criterios:

- a) Preferencia do uso común xeneral, con especial atención ao tránsito peonil, debendo garantirse que as terrazas non mingüen a accesibilidade de todos os cidadáns aos espazos destinados ao uso público, en condicións de fluidez, comodidade e seguridade.

b) Garantía da seguridade viaria.

c) Protección da seguridade cidadá e da tranquilidade pública, en especial contra a contaminación acústica. Para ese efecto, o funcionamento das instalacións deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na Ordenanza municipal ambiental reguladora da emisión e recepción de ruídos e vibracións ou normativa equivalente que lle substitúa.

d) Preservación do arboledo e vexetación da paisaxe urbana e dos ambientes e condicións estéticas dos lugares e edificios, áinda que non contan con ningún tipo de protección específica nas lexislacións sectoriais.

e) Protección do uso e dos dereitos e intereses dos usuarios dos edificios lindeiros.

f) Garantía do funcionamiento dos servizos públicos, en especial os de emergencia.

#### **Artigo 5. Autorizacións e título habilitante.**

1.- A instalación de terrazas require a previa obtención de autorización municipal nos termos recollidos nesta ordenanza e na normativa urbanística e sectorial aplicable. O documento de autorización e o seu plano de detalle, ou unha fotocopia destas, deberán encontrarse no lugar da actividade, visibles para os usuarios e veciños, e a disposición dos funcionarios municipais e efectivos de Policía Local.

2.- As instalacións das terrazas ás que se refire a presente ordenanza, só poderán ser autorizadas aos titulares dos establecementos de hostalería e que sexan complemento da súa actividade, que contan co correspondente título habilitante para a apertura e exercicio da actividade e cumpran os requisitos legais para o seu funcionamento. Asemade poderán autorizarse a establecementos asimilables a estes, tales como cafés degustación, xeaderías, chocolaterías, vinotecas e análogos, sempre que dispoñan da correspondente dotación de aseos accesibles. En todos os casos, na terraza vinculada á actividade á que sexa anexa exerceerase a mesma actividade á que se vincula e expenderanse os mesmos produtos que no interior do establecemento.

3.- A solicitude de autorización de terraza requirirá:

a) Que estea en vigor ou en tramitación o título municipal habilitante para o exercicio da actividade do establecemento principal; de estar en tramitación a actividade, non poderá concederse a autorización de terraza ata que se estea en posesión da referida autorización de actividade.

b) Non ter débedas coa Facenda municipal, o que será verificado polos servizos municipais correspondentes.

c) Dispor dun seguro de responsabilidade civil e de incendios que dea cobertura aos posibles riscos que poidan derivarse para as persoas e/ou as cousas con motivo do funcionamento, instalación e retirada da terraza e, como mínimo, durante o período de vixencia desta.

4.- A autorización de terrazas só será transmisible en caso de transmisión da concedida ao establecemento, sen que a terraza poida funcionar de maneira independente nin por distinto titular. No caso de transmisión da autorización relativa ao establecemento, entenderase transmitida automaticamente a da terraza para o mesmo titular.

As autorizacións para a instalación de terraza non poderán ser obxecto de arrendamento ou cesión independente para a súa explotación. O incumprimento dará lugar á perda de vixencia automática de dita autorización.

5.- Nas terrazas deberá realizarse a mesma actividade e expender os mesmos rodutos que no establecemento do que dependen, e deberán atenderse exclusivamente desde os locais aos que estean vinculadas.

6.- A eficacia da autorización de terraza queda supeditada ao mantermento do título habilitante de actividade do establecemento principal, quedando suspendida ou extinguida automaticamente no caso, respectivamente, de suspensión ou de extinción por calquera causa do título habilitante do establecemento principal.

7.- A autorización, aprobada por órgano competente, emitirase en modelo oficial e deberá incluír as dimensións do espazo sobre o que se autoriza, a súa situación, o período de ocupación (de tempada ou anual), e o número total de mesas e cadeiras autorizadas. Nas terrazas con pechamento estable indicaranse ademais as características dos elementos fixos a instalar. En todo caso, xunto coa autorización deberá figurar copia do plano de detalle da instalación que serviu de base á súa concesión, debidamente selado e rubricado polo técnico que realizou a proposta favorable, onde consten todos os elementos autorizados.

O documento de autorización e o seu plano de detalle con especificación dos elementos autorizados, ou copia auténtica dos mesmos, deberán encontrarse no establecemento a disposición dos funcionarios municipais e efectivos da Policía Local.

8.- Cando concorran circunstancias de interese público que impidan a efectiva utilización do solo para o destino autorizado, tales como obras, acontecementos públicos, situacions de emergencia ou calquera outra de interese xeral, a autorización quedará suspendida e sen efecto ata que desaparezan ditas circunstancias, sen que se xere derecho a indemnización.

9.- As autorizacións poderán ser revocadas unilateralmente pola administración competente en calquera momento por incumprimento das condicións da autorización ou por razóns de interese público, cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, produzan molestias reiteradas á veciñanza, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público, menoscaben o uso xeral ou resulten incompatibles co interese público. Procederá indemnizar ao titular da autorización, polos danos e prexuízos no seu caso xerados, no suposto de que a revogación se fundamente na adopción de novos criterios de apreciación.

10.- As autorizacións concedidas outórganse sen prexuízo de terceiros e mantendo a salvo o dereito de propiedade.

11.- As autorizacións das instalacións en terreos de titularidade pública non outorgan dereito algúin sobre dito terreo, en virtude dos principios de non alleamento e non prescripción dos bens de dominio público.

12.- En todo caso, ante unha solicitude de autorización de terrazas, o Concello de Sarria analizará os usos concretos solicitados e a incidencia da ocupación do espazo de uso público, e so concederá a autorización no caso de que o interese público prevalente non resulte afectado. A tal efecto, teranse en conta os seguintes criterios:

a) Preferencia do uso común xeral, con especial atención ao tránsito peonil, debendo garantirse que as instalacións autorizables non limiten a accesibilidade dos cidadáns aos espazos destinados ao uso público, en condicións de fluidez, comodidade e seguridade.

b) Garantía da seguridade viaria.

c) Protección da seguridade cidadá e da tranquilidade pública, en especial, protección contra a contaminación acústica. A tal efecto, a actividade das instalacións deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable reguladora da emisión de ruídos e vibracións.

d) Preservación da arboleda e vexetación e dos ambientes e condicións estéticas dos lugares e edificios, aínda que non contén con protección específica nas lexislacións sectoriais.

e) Preservación do mobiliario urbano e de calquera elemento singular existente no espazo de uso público.

f) Protección do uso e dos dereitos dos usuarios das propiedades linderas, e garantía de acceso a ditas propiedades.

g) Protección do Patrimonio e dos seus elementos catalogados, coa imposición das condicións de ornato e estética que garantan unha imaxe adaptada.

h) Garantía do funcionamento dos servizos públicos, en especial, os de emerxencia.

i) Garantía de accesibilidade en todo momento aos servizos ou instalacións públicos existentes.

13.- Denegarase o outorgamento da autorización de terraza, de xeito motivado, cando así proceda en virtude de calquera norma sectorial de aplicación. En especial, denegarase cando tal uso estea prohibido pola normativa urbanística ou cando así proceda conforme a unha declaración de zona acusticamente saturada ou con acordo de iniciación do procedemento para declarala.

Especialmente, denegarase a autorización de terraza de xeito motivado, cando:

- obstaculice saídas de emerxencia, vaos, pasos de peóns ou paradas de transporte público, ou dificulte a visión nos cruzamentos ou incorporacións a calzada

- dificulte o tránsito peonil, á vista das características físicas do emprazamento ou por razón do nivel ou intensidade do mesmo

- poida incidir na evacuación dos edificios e locais próximos

- dificulte a intervención de servizos públicos ou privados en caso de urxencia, tales como bombeiros, ambulancias etc.

- supoña un deterioro do medio urbano ou resulte inadecuada ou discordante co seu contorno

- impida ou dificulte gravemente o uso de servizos, equipamentos e/ou mobiliarios urbanos

- calquera outra circunstancia similar de interese público

#### **Artigo 6. Período de autorización**

As autorizacións poderán ser anuais ou de tempada. Enténdense como autorizacións de tempada as que van desde o 1 de abril ata o 31 de outubro, ambos inclusive; e, autorizacións anuais as que van desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro.

As autorizacións poderán renovarse nas mesmas condición e termos, previa solicitude do interesado segundo o disposto no *artigo 23*.

## **Artigo 7. Horario de funcionamento.**

1.- O horario de funcionamento das terrazas será o seguinte:

a) O horario de inicio: Con carácter xeral será ás 8:00 horas.

No caso de áreas peonís cun horario habilitado para a realización de labores de carga e descarga, o inicio do horario da instalación virá limitado pola finalización do horario establecido para os devanditas labores, no seu caso. Esta circunstancia especificarase na autorización administrativa.

b) O horario de peche será:

- Durante os meses de maio, xuño e setembro, de domingo a xoves ás 00:30 horas e venres, sábados e vésperas de festivo ás 01:30 horas.

- Durante as festas patronais de San Xoán, os meses de xullo e agosto ás 02:30 horas.

- Durante o resto do ano, do 1 de outubro ao 30 de abril, de domingo a xoves ás 23:30 horas e os venres, sábados e vésperas de festivo ás 00:30 horas.

2.- Con todo o preceptuado no apartado anterior, a autoridade municipal poderá reducir o horario xeral atendendo ás circunstancias de índole sociolóxico, ambiental ou urbanístico que puidesen concorrer en cada caso concreto, ou cando se comprobou a transmisión de ruídos que orixinen molestias aos veciños.

Neste caso, a limitación de horario deberá reflectirse na autorización como unha condición esencial sen a cal esta non sería concedida, podendo establecerse ou modificarse con posterioridade mediante resolución motivada.

3.- Así mesmo poderá solicitarse que o horario de funcionamento da terraza coincida co da licenza de actividade cando o local estea emprazado en contornas exentas de usos residenciais en todas as súas formas ou sanitario; onde non exista risco de perturbación do descanso nocturno

4.- Os horarios establecidos neste artigo poderán ser modificados, por circunstancias xustificadas, mediante Resolución da Concellería delegada competente ou acordo da Xunta de Goberno Local, dentro das marxes que lle concede a lexislación vixente. Así mesmo, poderán realizarse, mediante bando, modificacións temporais do horario por datas concretas de interese da cidade, época de festas etc.

5.- Así mesmo, poderán realizarse modificacións temporais do horario das terrazas por razón de festividades, datas concretas de interese da cidade, celebración de eventos, etc

## **Artigo 8. Limitación de niveis de transmisión sonora.**

O funcionamento das terrazas deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na Orde de 26 de novembro de 2018 pola que se aproba a proposta de Ordenanza de protección contra a contaminación acústica de Galicia e, no seu caso, na ordenación municipal sobre a materia que resulte de aplicación.

Prohibése expresamente a celebración de espectáculos ou eventos musicais nas terrazas autorizadas, agás autorización específica expresa.

## **Artigo 9. Seguro de responsabilidade civil**

O titular da autorización deberá dispor dun seguro de responsabilidade civil e incendios do establecemento principal que deberá estender a súa cobertura aos posibles riscos que puideran derivarse do funcionamento da terraza.

## **Artigo 10. Publicidade.**

Autorizase a inserción de publicidade nos elementos de mobiliario urbano instalado nas terrazas, permitíndose ademais a colocación do nome do establecemento ou do seu logotipo en toldos e antucas. Non se autoriza a inserción de publicidade nas terrazas situadas na Área de Rehabilitación declarada por acordo da Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Vivenda o 3 de outubro de 2003 (Casco Histórico no territorio do espazo BIC Camiño de Santiago - Camiño Francés).

En todo caso utilizarase como referencia a Guía de Boas Prácticas nos Carteis Publicitarios desenvolta polo Instituto de Estudos do Territorio, a Guía de boas prácticas para as actuacións nos Camiños de Santiago editada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural en marzo de 2016 e en concreto o Informe emitido pola Consellería de Cultura que se xunta como ANEXO I.

## **Artigo 11. Obrigas do titular. Condicóns de uso das instalacións.**

Sen prexuízo de que as obrigas de carácter xeral, e das que se deriven da aplicación da presente ordenanza, será obrigación do titular da instalación:

1.- Manter o chan ocupado pola terraza e cada un dos seus elementos, nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato. A estes efectos, deberase dispor dos correspondentes medios de recollida e almacenamento de residuos.

Ao remate de cada xornada, deberanse realizar as tarefas de limpeza necesarias no chan ocupado, que deberá ser baldeado frecuentemente con auga e cepillo sen fazer uso de elementos e produtos corrosivos para así garantir unha correcta conservación do mobiliario urbano.

A limpeza que deban efectuar os servizos municipais, en substitución do titular da autorización por incumprimento desta obriga, será a costa de dito titular e liquidarase polo procedemento para as execucións subsidiarias.

2.- Velar para que os usuarios da terraza non alteren a orde nin realicen actividades ruidosas que xeren molestias e ruídos.

3.- Adoptar as previsións necesarias para que os usuarios da terraza non sobrepasen os límites do espazo autorizado.

4.- Non almacenar na vía pública o mobiliario ou calquera outro elemento da terraza, áinda cando se efectúe na porción de espazo público autorizado. Excepcionalmente durante a temporda de verán, as mesas e cadeiras poderán ser apiadas en zonas de dominio público próximas ao establecemento hostaleiro das que dependan, sempre e cando non impidan nin obstaculicen o paso.

5.- O titular da autorización das terrazas outorgadas sobre dominio público, deberá retirar e introducir no interior do establecemento as mesas, cadeiras e outros elementos da instalación durante o horario de peche do establecemento, deixando o dominio público libre e expedito, salvo que na autorización se establecese a non obligatoriedade de recollida de determinados elementos en caso de terraza con cerramento estable.

Os Toldos deberán permanecer recollidos fóra do horario autorizado.

6.- Prestar especial diliencia de coidado durante as tarefas de montaxe, retirada e manexo dos elementos da terraza; non se permitirá arrastralos e minimizarase o ruído que puider producirse.

7.- Non afectar bens, obras ou servizos públicos nin privados, sendo o titular da terraza responsable dos danos ocasionados, debendo responder polos mesmos.

8.- Ter en todo momento a disposición dos servizos técnicos e da Policía Local o título habilitante para o exercicio da actividade, a resolución de autorización para a terraza e renovación, no seu caso, xunto co plano detalle en que conste a superficie de ocupación autorizada.

9.- Retirar de forma inmediata os elementos da terraza cando resulte necesario para o acceso de vehículos autorizados ou de urxencias, recollida de residuos, rega ou limpeza de rúas e para a prestación de calquera outro servizo público ou de interese xeral que o requira.

10.- Retirar da vía pública todos os elementos da terraza, mobiliario e instalacións autorizadas, cando finalice a vixencia da autorización; o espazo deberá quedar completamente expedito e sen danos.

Con carácter xeral, queda terminantemente prohibido perforar o pavimentos ou ancorar en calquera elemento que compoña a terraza e poida ser causa de deterioro do mesmo. No suposto de incumprimento destas obrigas, cumpriraas o Concello, mediante a súa execución forzosa por conta do obrigado.

Excepcionalmente, e en casos debidamente xustificados, poderase autorizar o ancoraxe das tarimas instaladas para terrazas con contorna fisicamente delimitada, en espazos singulares (artigo 2.3.b)). A autorización quedará neste caso condicionada ao depósito dunha fianza en garantía do custo de reposición de bens, servizos ou espazos públicos afectados e cuxo importe será determinado polos servizos técnicos.

## **Artigo 12. Superficie autorizada**

A superficie máxima autorizada conformarase polo perímetro exterior total do conxunto de todos os elementos que conforman a instalación da terraza, quedando delimitada no plano de detalle que a autoriza, incluíndo no cálculo o voo dos Toldos, Parasoles e Antucas.

## **Artigo 13. Fianza**

Poderase establecer, nos casos que así o requiran, a constitución dunha garantía para responder do deterioro que se poida causar ao dominio público e ás súas instalacións.

O importe desta garantía determinarase polos servizos técnicos municipais en función da ocupación e o custo de reposición.

# **TÍTULO II**

## **CONDICIÓNIS TÉCNICAS PARA A INSTALACIÓN**

### **Artigo 14. Restricións pola actividade á que se adscriba**

1.- Soamente se concederá autorización para a instalación de terrazas cando sexa accesorias a un establecemento principal de hostalería ou asimilable (tales como cafés degustación, xaderías, chocolaterías, vinotecas e análogos, sempre que dispoñan da correspondente dotación de aseos accesibles).

2.- Os establecementos de restauración que teñan a consideración de usos asociados en edificios exclusivos do uso terciario poderán solicitar igualmente a instalación de terraza tanto nos espazos libres de parcela de titularidade privada como nos espazos públicos.

3.- Na terraza vinculada á actividade á que sexa anexa exercerase a mesma actividade á que se vincula e expenderanse os mesmos produtos que no interior do establecemento.

#### **Artigo 15. Condicóns Xerais de ocupación de espazos de titularidade pública**

1.- A ocupación do solo de titularidade e uso público con terrazas autorizarase garantindo sempre e en todos os casos unha largura libre de paso non inferior a 1,50 metros.

- Deberá respectarse sempre e en todos os casos un itinerario de forma continua para o tránsito de peóns, evitando quebras ao longo dunha liña de quinteiro.

- Poderán permitirse estreitamentos puntuais con un mínimo de 0,90 metros.

- Respectarase o mobiliario urbano existente debendo deixar nunha franxa de 0,50 metros entre este e os elementos da terraza.

- Deberá deixarse libre na beirarrúa todo o ancho dos pasos de peóns existentes con un largo suficiente que permita manter o itinerario continuo libre de paso.

2. - Tipos de ocupación do dominio público:

2.1.- As ocupacións poderán ser dos seguintes tipos:

a) Terraza situada en beirarrúa xunto á fachada do edificio. Nestes casos, a terraza so poderá ocupar o fronte de fachada do establecemento ó que da servizo, podendo superar este límite coa achega da autorización expresa dos titulares dos negocios instalados nos locais comerciais lindeiros que poidan verse afectados pola instalación solicitada. No suposto de locais nos que non se estea desenvolvendo actividade comercial (locais baleiros), será igualmente necesaria dita autorización expresa do titular do local.

Cando no fronte da fachada á que se xunta a terraza existan portas de acceso a vivendas ou locais do edificio, deberá deixarse unha distancia de 0,50 metros medidos dende o marco da porta, salvo que:

- i. a vivenda ou local sexa propiedade do titular do establecemento ó que presta o servizo a terraza
- ii. a porta da acceso a unha ou varias vivendas deshabitadas

que se acreditará mediante declaración xurada asinada polo/s propietario/s dos inmobles.

A autorización concederase nestes casos supeditada á obriga de non ocupar e liberar inmediatamente o espazo que exceda do fronte de fachada ou ocupe accesos a outros locais no caso de revogación das autorizacións dos titulares dos locais lindeiros ás que se refire o parágrafo anterior ou en caso de que non se obteña a autorización dun novo negocio ou comercio lindeiro. Isto, sen prexuízo do dereito á solicitude de devolución da parte proporcional da taxa abonada polos metros cadrados de ocupación que deban liberar.

b) Terraza situada en beirarrúa na liña de bordo da beirarrúa. Nestes casos, a terraza so podrá ocupar o fronte de fachada do establecemento ó que da servizo, podendo superar este límite coa achega da autorización expresa dos titulares dos negocios instalados nos locais comerciais lindeiros que poidan verse afectados pola instalación solicitada. No suposto de locais nos que non se estea desenvolvendo actividade comercial (locais baleiros), será igualmente necesaria dita autorización expresa do titular do local.

A autorización nestes casos fará constar expresamente a obriga de non ocupar e liberar inmediatamente o espazo que exceda do fronte de fachada ou ocupe accesos a outros locais, no caso de revogación das autorizacións dos titulares dos locais lindeiros ás que se refire o parágrafo anterior, ou en caso de que non se obteña a autorización dun novo negocio ou comercio lindeiro. Isto, sen prexuízo do dereito á solicitude de devolución da parte proporcional da taxa abonada polos metros cadrados de ocupación que deban liberar.

c) Terraza situada en zona da calzada da vía pública ou outros espazos singulares. Excepcionalmente permitiranse terrazas na calzada das vías e outras zonas singulares, contiguas ó establecemento ó que presta servizo e sempre que se cumpran os requisitos de seguridade esixibles e non afecten á circulación rodada ou ao tráfico de peóns. Nestes casos, e salvo que circunstancias obxectivas de calquera índole o impidan, colocarase unha tarima debidamente sinalizada e que cumpla os requisitos debidos de accesibilidade e os seus materiais garantan a debida seguridade. Así mesmo, poderá autorizarse a adopción das debidas medidas de seguridade mediante anclaxes axeitados e previamente autorizados, e coa imposición da Fianza descrita no artigo 11.10.

d) Terraza situada en rúa peonil. Dependendo da anchura da rúa, a ocupación poderá realizarse:

- i. Acaroadas á fachada do establecemento, coas condicóns e requisitos establecidos no apartado 1.a) deste artigo.

ii. Lonxitudinalmente polo eixe da vía, coas condicións e requisitos establecidos no apartado 1.b) deste artigo. En caso de existir establecementos enfrente, o espazo repartirse de forma proporcional á lonxitude das fachadas dos establecementos.

e) Terraza situada en praza. Nestes casos o Concello resolverá a solicitude de terraza, segundo as singularidades da zona, atendendo as circunstancias particulares do espazo, do seu ancho e demais características. En todo caso, debe quedar garantido un itinerario peonil mínimo e libre de obstáculos de forma que se permita o paso de vehículos de emergencias e outros vehículos autorizados.

As autorizacións de terrazas en prazas deberán respectar as seguintes limitacións:

i. A superficie de ocupación total establecerase, en cada caso, atendendo ao uso principal a que estea destinada a praza, así como a súa xeometría e características concretas. En todo caso, garantírase a existencia dun itinerario peonil libre de obstáculos cunha anchura mínima de dous metros.

ii. Cando a concentración de terrazas sobre unha praza ou espazo determinado poida supoñer a alteración do seu destino natural ou xerar un grave impacto, as solicitudes de novas instalacións o as renovacións serán resoltas conxuntamente con anterioridade ao inicio do ano natural, establecéndose as condicións o restricións que se estimen adecuadas.

iii. En caso de pretenderse a instalación de terrazas exentas (non acaroadas á fachada) e existindo varias solicitudes de ocupación, a autorización do Concello, no seu caso, a cada unha delas será proporcional aos metros da fachada que dean fronte ao espazo público.

iv. No caso de verse interrompida a ocupación por un itinerario peonil existente ou requerido polo Concello, a ocupación computarase como unha unidade aos efectos da ocupación máxima.

f) Terraza composta por dous dos tres deseños descritos nos apartados a) b) e c) deste artigo. Neste caso cada unha das partes que compón a terraza resultante (superficie en beirarrúa acaroadada á fachada de edificio, superficie na liña de bordo da beirarrúa e superficie en zona de calzada ou outros espazos singulares) deberá cumplir o establecido nos apartados a), b) e c) deste artigo respectivamente.

## 2.2.- Normas comúns:

- As terrazas dos tipos a), b), d) e e) anteriores suxeitaranse ó disposto no artigo 2.3.a)
- As terrazas do tipo c) anterior suxeitaranse ó disposto no artigo 2.3.b)

## 3.- Aspectos xerais.

a) Aínda cando un espazo reúna todos os requisitos para a colocación dunha terraza, esta poderá non autorizarse ou autorizarse con dimensións inferiores ás solicitadas se a súa instalación dificultara o tránsito peonil, aínda que soamente sexa en determinadas horas.

b) No caso de vías total ou parcialmente peatonalizadas, de existir non obstante dita peatonalización en tales vías, permitirase a ocupación da beirarrúa, sempre en cando se garanta a circulación peonil nas condicións de accesibilidade establecidas nesta ordenanza e na normativa de aplicación, así coma se respecten os accesos aos portais, garaxes, arquetas, tapas ou elementos similares das canalizacións dos suministros básicos, etc. Para dita ocupación, precisarase informe favorable dos servicios municipais.

c) Con carácter excepcional, a ocupación poderá aumentarse cando se prevea a ocupación en espazos libres, prazas ou espazos análogos, co informe pertinente favorable.

d) Prohibese expresamente a instalación nas terrazas:

i. A instalación de máquinas recreativas, de xogos de azar, billares, futbolíns ou calquera outra de características análogas.

ii. A instalación de barras fixas nas fachadas dos establecementos.

e) Excepcionalmente poderán autorizarse accesos adaptados (ramplas, elevadores, etc.), cando se xustifique a disponibilidade dos terreos, pola súa titularidade, amplitude ou calquera outra condición que a xuízo do Concello estime apropriada para iso. Neste caso, o titular deberá dispoñer da documentación relativa a estes elementos, á súa homologación e as revisións que sexan preceptivas

f) En todo caso, na instalación do mobiliario e elementos que forman parte da terraza deberá garantirse o acceso as arquetas, tapas ou elementos similares das canalizacións dos suministros básicos, non podendo de ningún xeito obturar ou dificultar ditos accesos.

## Artigo 16. Superficie e condicións de ocupación de espazos de titularidade e uso público.

1.- As superficies de ocupación en solo público estarán limitadas polas condicións de amplitude dos rueiros e largo das beirarrúas, prazas, polas condicións da súa categoría, vías de circulación rodada, peonís, ou de tráfico restrinxido.

Dita superficie deberá ter en conta as condicións de evacuación, a normativa de protección contra a contaminación acústica ou contra o lume, a contorna na que se atope as instalacións, e demais normativa sectorial de aplicación.

2.- A superficie máxima autorizada conformarase polo perímetro exterior total do conxunto de todos os elementos que haxa que instalar dispostos para a prestación de servizo, incluídos toldos, parasoles e antucas abertos, e quedará delimitada no plano detalle da autorización.

3.- Non poderá obstaculizarse o acceso aos portais dos predios, nin ás pasaxes de vehículos. Cando a terraza se coloque acaroada á fachada deberán deixarse libres, cando menos, 0,50 metros desde o marco da porta ou desde o límite exterior da pasaxe para vehículos, non podendo colocarse nin sequera mobiliario accesorio, coa excepción prevista no artigo 15.2.1.a).

Non obstante, pode non deixarse esta distancia de 0,50 metros sempre que a comunidade de propietarios afectada autorice que non se deixe esta distancia ata o seu portal.

#### **Artigo 17. Terrazas en solo privado de uso público.**

A instalación de terrazas e espazos libre privados someterase, ademais de ás sinaladas nos artigos desta Ordenanza, á seguinte determinación:

1.- Acreditación da propiedade ou, título xurídico, que habilite para a utilización privativa do espazo.

2.- As instalacións nestes espazos someteranse ás determinacións da presente ordenanza, agás no que respecta á superficie de ocupación e a necesaria homologación previa de materiais, salvo, en este último caso, que se trate de terrazas visibles desde o exterior.

3.- Con respecto aos materiais dos elementos destas terrazas, serán autorizados sempre e cando garantan as condicións de seguridade, accesibilidade e estabilidade debidas.

En caso de que a terraza sexa visible desde o exterior, será necesaria ademais a previa homologación polos servizos técnicos municipais dos elementos e materiais, téndose en conta a estos efectos o disposto nesta ordenanza.

4.- A instalación de terrazas en espazos privados deberá garantir que se cumplan as condicións de seguridade de evacuación. A tal fin, presentarase, xunto coa documentación requirida no Título II, un estudio xustificativo de evacuación no que se teñan en conta as dimensións, aforo, mobiliario da terraza e a súa incidencia sobre o conxunto do local, así como unha saída a un espazo seguro.

#### **Artigo 18. Elementos e condicións estéticas do mobiliario a instalar.**

1.- Todos os elementos a instalar nas terrazas, serán obxecto de homologación previa y preceptiva polos servizos técnicos municipais, a efectos da súa harmonización co entorno.

2.- Deberán reunir as características que se entendan precisas para a súa función, de fácil limpeza e de boa calidade. Deberán harmonizar entre si e co contorno urbano en que se sitúe en cromatismo, materiais e deseño.

Así mesmo, deberán reunir as debidas condicións de estabilidade e seguridade, sen que polas súas características, uso previsible, disposición ou modo de instalación poidan supor un risco para as persoas usuarias da instalación ou para os viandantes nin para os bens públicos ou privados.

Igualmente, deberán contar con elementos de protección que eviten a xeración de ruídos durante o seu desprazamento ou manexo.

3.- A descripción de todos os elementos que configurarán a terraza deberán figurar na solicitude de autorización da mesma, ao fin de someterse a informe previo e preceptivo dos servizos técnicos, co obxecto da súa homologación.

4.- Permítese a publicidade visible desde o exterior da terraza nos elementos e mobiliario instalados nelas ou nos seus elementos fixos, consistente no nome comercial do establecemento ou logotipo do mesmo, de outra marca comercial, ou do propio Concello, sempre e cando resulten de pequeno tamaño, e de conformidade á Guía de Boas Prácticas referida no artigo 10 e Anexo I.

5.- O material do mobiliario que se instale poderá ser de aluminio ou materiais semellantes, podendo combinarse con outros materiais tales como madeira tratada, vinilo...etc. Tamén se permitirán estruturas fabricadas en madeira. Evitarse na medida do posible a utilización de mobiliario de plástico que en ningún caso poderá conter publicidade. Queda totalmente prohibido o uso de mobiliario urbano de plástico na Área de Rehabilitación declarada por acordo da Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Vivenda o 3 de outubro de 2003 (en adiante ARI).

6.- Todo o mobiliario que se instale na mesma terraza será uniforme debendo ser da mesma calidade e deseño.

7.- Os toldos, antucas e paraventos serán de cores lisos, acordes o entorno no que se sitúen e en ningún caso poderán colocarse cores chamativas ou chillóns, e estarán libres de todo tipo de propaganda, admítese a

colocación do nome do establecemento e do seu logotipo sobre as faldras de toldos e antucas con excepción dos situados no perímetro da ARI.

8.- Os toldos non superarán no seu punto máis alto a cota más baixa da cara inferior do forxado que forme co teito do andar superior, e contarán cunha altura libre mínima de 2,20 metros.

9.- No perímetro delimitado como ARI, as cores de toldos e antucas ou calquera outro elemento serán de color beixe ou gamas arena e a súa estrutura metálica color ouro vello ou de madeira, quedando supeditados á previa obtención da correspondente autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural ou organismo competente.

10.- O Concello de Sarria queda facultado para requirir mobiliario de características especiais cando así o impoña o entorno do espazo público no que se instale, así como determinar o color dos elementos a ubicar ou instalar en cada caso.

11.- Nas terrazas poderán instalarse aparatos de climatización e calefacción, así coma de iluminación, sen que supoñan emisión de ruídos.

Calquera instalación destas características deberá ser expresamente autorizada e deberá cumplir coa normativa vixente de aplicación, incluída a medioambiental e a relativa a eficiencia enerxética.

Todos os elementos deberán estar homologados conforme a normativa vixente que lles sexa de aplicación e, en particular, para o seu uso en exteriores. A documentación específica relativa ás súas características técnicas, certificados de homologación, etc., deberá ser presentada coa solicitude de autorización da terraza.

No suposto de renovación da autorización de terraza, o seu titular deberá xustificar a adaptación e cumprimento destas instalacións á normativa vixente no momento da renovación, así como xustificar a realización das correspondentes revisións. Sen prexuízo do anterior, no suposto de que a normativa que lles resulte de aplicación esixa a substitución ou a adaptación destes aparatos, o titular da autorización da terraza deberá proceder ao cumprimento desta normativa.

As instalacións realizaranse por un instalador autorizado.

A revisión da instalación realizarase conforme a normativa de aplicación; o concello poderá requisitar a documentación acreditativa en calquera momento.

13.- En todo caso utilizarase como referencia a Guía de Cor e Materiais de Galicia desenvolta polo Instituto de Estudos do Territorio.

#### **Artigo 19. Transmisibilidade.**

1.- As autorizacións para instalar terrazas transmitiranse conxuntamente cos títulos municipais habilitantes para o exercicio de actividade dos establecementos principais, agás renuncia expresa do novo titular que deberá de comunicalo ó Concello.

2.- As autorizacións para a instalación e funcionamento das terrazas non poderán ser obxecto, en ningún caso, de arrendamento ou cesión independente.

#### **Artigo 20. Período de funcionamento e prazo de solicitude.**

1.- As autorizacións poderán ser anuais ou de tempada, entendendo por tempada de verán a que vai dende o 1 de abril ata o 31 de outubro, ambos inclusive, e por anual a que vai dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro. Poderán solicitarse autorizacións anual e de tempada con superficies e número de mesas e cadeiras e mobiliario distintos.

2.- A autorización poderá ser solicitada en calquera momento.

#### **Artigo 21. Vixencia e renovación das autorizacións.**

1.- A vixencia das autorizacións que se concedan corresponderánse co período de funcionamento autorizado.

2.- As autorizacións que se concederan para instalacións de terrazas renovaranse a petición do interesado.

3.- A administración municipal manifestará a súa vontade contraria á renovación nos seguintes supostos:

- De se iniciaren procedementos dos que se desprenda a existencia de molestias ou prexuízos derivados do funcionamento da actividade principal ou accesoria.

- De se apreciar un incumprimento das condicións da autorización ou da mesma ordenanza.

- Nos casos de falta de pagamento da taxa correspondente.

- Cando no período autorizado estea prevista a execución de actuacións públicas que modifiquen a realidade física existente no momento do outorgamento da autorización.

- Cando a terraza poda supor molestia para os usuarios da vía pública ou para os servizos públicos

4.- Para a renovación da autorización deberá presentarse a correspondente solicitude mediante modelo normalizado antes do comezo da Tempada solicitada, á que haberá que acompañar a documentación

xustificativa da vixencia da póliza de seguro de responsabilidade civil e incendios por prazo mínimo da renovación pretendida, así como a documentación xustificativa das revisións nos elementos que o precisen (aparatos de climatización, calefacción, iluminación, rampas, elevadores, etc.).

5.- Para o caso de que o titular teña débedas co Concello de Sarria, non se producirá a renovación da autorización.

6.- A instalación poderá ser inspeccionada polos servizos municipais a efectos de comprobar que se manteñen nas mesmas condicións que as inicialmente autorizadas.

### TÍTULO III

#### PROCEDEMENTO PARA O OUTORGAMENTO DA AUTORIZACIÓN

##### Artigo 22. Solicitude

Só poderá solicitar autorización para a instalación dunha terraza o titular da actividade do establecemento principal ó que prestará servizo.

1.- As solicitudes que se presenten para a nova instalación dunha terraza ou para a modificación dunha xa concedida irán acompañadas da seguinte documentación:

a) Identificación da licenza municipal de actividade do establecemento para o que se solicita a terraza e, no seu caso, da resolución administrativa que admite o último cambio de titularidade de aquela.

b) Período polo que se solicita a autorización.

c) Póliza e recibo de pago do seguro de incendios e responsabilidade civil do local que cubra en contía abondo os riscos que poidan derivarse da actividade exercida na terraza.

d) Autorización dos propietarios dos inmobles lindeiros no caso de que a solicitude contemple unha terraza que pretenda rebasar a porción da fachada do establecemento, e declaración xurada prevista no artigo 15.1, no seu caso.

e) Memoria descriptiva sobre o tipo de ocupación que se vai a facer e do mobiliario que se pretende instalar. Deberá indicar os metros cadrados a ocupar, número de mesas e cadeiras, antucas, toldos, paraventos, e calquera outro elemento. Dita memoria conterá as súas características, dimensións, materiais, cores ... etc.

f) Plano de situación sobre a cartografía oficial do planeamento urbanístico do Concello.

g) Plano de emprazamento escala 1/100, acoutado, no que se reflictan a superficie a ocupar, a lonxitude da fachada do establecemento, ancho de beirarrúa, distancias a pasos peónís, pasos de vehículos, así como os elementos de mobiliario urbano existentes na área de influencia da ocupación e a distancia a eles; así como as mesas, cadeiras, parasoles, toldos, pérgolas, carpas, mamparas, corta ventos, xardineiras, tarimas, expositores, estufas, e todos os elementos auxiliares que se pretendan instalar.

Só se autorizarán os elementos incluídos neste plano.

h) Informes e/ou Autorizacións sectoriais para a ocupación solicitada, de ser precisas.

i) Autoliquidación da taxa correspondente.

2.- A documentación dos apartados e, f, g poderá ser distinta segundo o período estacional.

3.- No suposto de terrazas situadas no espazo libre privado, incluirase, ademais:

i. Acreditación da propiedade ou, título xurídico, que habilite para a utilización privativa do espazo.

ii. Indicación do uso do edificio propio e dos lindeiros.

iii. Estudo xustificativo de evacuación no que se teñan en conta as dimensións, aforo, mobiliario da terraza e a súa incidencia sobre o conxunto do local, así como unha saída a un espazo seguro.

4.- No suposto de solicitar estufas ou outros elementos de calefacción, incluirase ademais informe subscrito por técnico competente sobre as características do elemento a instalar, homologación e medidas de seguridade a adoptar, coa súa inclusión da taxa correspondente.

5.- Para a renovación da autorización, polo período que se solicite, será suficiente achegar:

i. Copia ou identificación da autorización da tempada anterior

ii. Período polo que se solicita a autorización.

iii. Póliza e recibo de pago do seguro de incendios e responsabilidade civil do local que cubra en contía abondo os riscos que poidan derivarse da actividade exercida na terraza para a tempada solicitada.

iv. Autorización dos propietarios dos inmobles lindeiros no caso de que a solicitude contemple unha terraza que pretenda rebasar a porción da fachada do establecemento, e declaración xurada prevista no artigo 15.1, no seu caso, para a tempada que se solicita

v. Autoliquidación da taxa correspondente.

### **Artigo 23. Tramitación.**

A primeira instalación ou modificación desenvolverase consonte o seguinte procedemento:

1.- Iniciarase mediante solicitude, en impreso normalizado que conterá polo menos os datos sinalados no artigo 70 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC), ao que se xuntará a documentación prevista nesta ordenanza.

2.- Para os efectos do cómputo dos prazos de tramitación considerarase iniciado o expediente na data de entrada da documentación completa no rexistro do órgano competente para resolver.

3.- Os servizos municipais disporán dun prazo de 1 mes para examinar a solicitude e a documentación presentada e, se é o caso, requirirán ao interesado para que no prazo de 10 días emende a falta ou presente a documentación preceptiva, indicándolle que se non o fai entenderase que desistiu do seu pedimento e que, logo da resolución, se arquivará sen máis trámite, con efectos previstos no artigo 42.1 da LRX-PAC.

4.- Unha vez completada a documentación, emitirase informe técnico, da policía local e xurídico que finalizará con proposta nalgún dos seguintes sentidos:

a.- De denegación

b.- De outorgamento, indicando se é o caso, os requisitos ou as medidas correctoras que a instalación deberá cumplir para se axustar á normativa aplicable.

5.- A resolución do órgano competente deberá producirse nun prazo non superior a 2 meses, contados desde o día seguinte á data na que se considere iniciado o expediente. Transcorrido este prazo sen que houbese resposta, entenderase que a autorización foi rexeitada.

6.- Os prazos sinalados nos apartados anteriores non serán de aplicación no suposto de tratarse de autorizacións ou licenzas que precisen informes doutros organismos previos a súa concesión.

### **Artigo 24. Renovación.**

Para a renovación da autorización deberá presentarse o correspondente modelo normalizado antes do inicio da tempada a renovar, coa documentación sinalada no artigo 23 anterior.

Para o caso de que o titular teña débedas co Concello de Sarria, non se producirá a renovación da autorización.

A instalación poderá ser inspeccionada polos servizos municipais a efectos de comprobar que se manteñen nas mesmas condicións que as inicialmente autorizadas.

## **TÍTULO IV**

### **RÉXIME DISCIPLINARIO E SANCIONADOR**

#### **Artigo. 25. Inspección.**

1.- O titular da terraza, así como os seus empregados, teñen o deber de permitir e facilitar a inspección municipal para comprobar o cumprimento desta ordenanza, en calquera momento. A Inspección será levada a cabo polos funcionarios ou empregados dos servizos técnicos do Concello ou pola Policía Local.

2.- Aos anteriores efectos, terán sempre no establecemento a disposición da inspección municipal o título habilitante para o exercicio da actividade, a resolución de autorización para a terraza e, no seu caso, a súa última renovación, xunto co plano detalle en que conste o emprazamento, a superficie de ocupación e o número de mesas e cadeiras.

Asemade, deberán ter a disposición da inspección municipal o xustificante do abono da póliza de seguros de responsabilidade civil e de incendios e a documentación xustificativa das revisións dos elementos que o precisen (aparatos de climatización, calefacción, iluminación, ramplas, elevadores, etc,) e os certificados de homologación dos mesmos.

#### **Artigo 26. Reposición da legalidade.**

Sen prexuízo da imposición das sancións que procedan e/ou da revogación ou modificación no seu caso da autorización, as infraccións das obrigas derivadas da presente ordenanza ou da normativa de aplicación dará lugar á obriga para o titular da autorización da reposición da situación alterada ao seu estado orixinario, así como á indemnización polos danos e perdas causados.

#### **Artigo 27. Suxetos responsables**

Serán responsables das infraccións as persoas físicas ou xurídicas titulares das autorizacións.

#### **Artigo 28. Clasificación das infraccións.**

As accións ou omisións que contraveñan o disposto na presente Ordenanza constitúen infraccións á mesma, que se clasifican en leves, graves e moi graves.

1.- Son infraccións leves:

- a.- A falta de ornato ou limpeza da instalación ou da súa contorna.
- b.- O incumprimento do horario de inicio ou de peche en menos de 1 hora.
- c.- A falta de exposición nun lugar visible para os usuarios, veciños e axentes da autoridade do documento de autorización e do plano de detalle.
- d.- Almacenar ou amontoar produtos, envases ou residuos na zona de terraza ou en calquera outro espazo da vía pública.
- e.- O uso de mobiliario non recomendado e usual nunha terraza.
- f.- O incumprimento de calquera outra obriga prevista nesta ordenanza que non sexa constitutiva de infracción grave ou moi grave.

2.- Son infraccións graves:

- a.- A comisión de tres faltas leves ao cabo de 6 meses cando así se declarase por resolución firme.
- b.- O incumprimento do horario de inicio ou de peche en más de 1 hora.
- c.- A instalación de elementos de mobiliario urbano non previstos na autorización ou en número maior dos autorizados.
- d.- A ocupación dunha superficie maior á autorizada en más do 25 por cento e en menos de 75 por cento ou o incumprimento doutras condicións da delimitación.
- e.- O servizo de produtos alimentarios non autorizados.
- f.- A carencia do seguro obligatorio.
- g.- A instalación de instrumentos ou equipos musicais ou outras instalacións non autorizadas ou fóra do horario ao que se limitaran.
- h.- A ocultación, manipulación ou falsificación dos datos ou da documentación presentados para a obtención da correspondente autorización.
- i.- A non presentación do documento de autorización e do plano de detalle aos axentes da autoridade ou funcionarios competentes que o requiran.
- j.- O incumprimento da obriga de retirar ou recoller e amontoar o mobiliario da terraza ao finalizar o seu horario de funcionamento.
- k.- O incumprimento do réxime de distancias mínimas reservadas para paso de peóns (1,50 mts.)

3.- Son infraccións moi graves:

- a.- A instalación de terrazas sen autorización ou fóra do período autorizado.
- b.- O incumprimento do horario de inicio ou de peche en más de 1 hora, cando disto derive unha perturbación relevante da convivencia que afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou o exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas.
- c.- A ocupación dunha superficie maior á autorizada en más do 75 por cento.
- d.- O incumprimento da orde de suspensión inmediata da instalación cando disto derive unha perturbación relevante da convivencia que afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas ou dificalte o uso ou funcionamento dun servizo público ou supoña unha deterioración grave de equipamentos, infraestruturas, instalacións de servizos públicos, espazos públicos ou calquera das súas instalacións.
- e.- A celebración de espectáculos ou actuacións non autorizadas de forma expresa.
- f.- A cesión da explotación da instalación a persoa distinta o titular.
- g.- Ancorar ou fixar o mobiliario no espazo público.

**Artigo 29. Sancións.**

1.- As citadas infraccións serán sancionadas da seguinte forma:

- a) As infraccións leves con multa ata 200 euros.
- b) As infraccións graves con multa de 200,01 ata 500 euros.
- c) As infraccións moi graves con multa de 500,01 ata 1.000 euros.

